

ଏଓ
ସ୍ମୃତି Memoria 2016



índice

Saúdo do Director	3
Que é Cáritas Diocesana de Lugo	4
Programas Diocesanos	7
Acollida e Asistencia a Marxinados e Excluídos	8
Persoas con discapacidade	12
Emprego	14
Familias en Desvantaxe	18
Infancia e Xuventude	20
Inmigrantes e Emigrantes retornados	22
Maiores “ Vivir na Casa ”	24
Muller	26
Voluntariado	28
Servizos	30
Os nosos recursos	34

Saúdo do Director

Ante os seus ollos ten a memoria de **Cáritas Diocesana de Lugo**.

Como a palabra o di, a memoria é a lembranza, e o noso afán é compartir con vostedes o resultado do traballo que realizamos ó longo do ano 2016; os nosos proxectos, traballos e esforzos sempre realizados co desexo de servir ós nosos semellantes que se atopan en situación de desigualdade.

Na realización do servizo caritativo cos nosos irmáns, sempre tivemos en mente e corazón un profundo sentimento de gratitude a todas as persoas e entidades que, dalgunha maneira ou doutra, aportan a súa contribución para que nosoutros levemos a cabo a nosa labor, a todo o longo e ancho da Diocese de Lugo.

Expresamos a todos eles a nosa inmensa gratitude.

O noso desexo nesta fermosa tarefa, reflexo do noso ser e do noso comportamento como cristiáns, é e será sempre seguir contando con todos vostedes, socios, doantes, voluntarios, empresas e entidades; conscientes de que todo o realizamos en nome de todos vostedes e o facemos con amor, entrega e gratitude.

Detrás de cada acción caritativa sempre hai persoas, unha familia e unha historia: unha vida, en resumo, chea de situacións inxustas e de carencias.

Quen temos o privilexio de traballar en **Cáritas**, sentímonos obrigados a poñer todas as nosas capacidades ó servizo dos nosos semellantes máis vulnerables; sempre co espírito Cristián e con afán supremo de servir e axudar.

A todos, con agradecemento e afecto, en nome da entidade, saudarvos.

Ginés E. Plaza Fernández

Director de Cáritas Diocesana de Lugo





Que é Cáritas Diocesana de Lugo

Cáritas Diocesana de Lugo é a presenza institucional da nosa Igrexa Diocesana que quere comprometerse coas realidades de pobreza e exclusión social de Lugo.

O servizo ós nosos irmáns necesitados céntrase na acollida, nun acompañamento persoal desde a situación de cada un e no esforzo pola súa integración social. Pero máis aló deste traballo tamén se desenvolven outras funcións propias da nosa identidade:

- Difundir o espírito de caridade evanxélica e xustiza social, procurando formar a conciencia dos cristiáns de maneira individual e comunitaria, conforme ás orientacións da doutrina social da Igrexa.
- Estudar os problemas que provoca a pobreza na Diocese, investigar as súas causas e promover, animar e urxir solucións conformes á dignidade da persoa humana e ás esixencias da xustiza social.
- Coordinar e promover a acción das Cáritas Parroquiais, Interparroquiais e Arciprestais ou Zonais e das Asociacións e Institucións de acción caritativa e social federadas e promover a comunicación cristiá de bens entre elas, procurando así que a Igrexa dea un testemuño comunitario de unidade e caridade.
- Coordinar e promover iniciativas, tanto privadas como públicas, a fin de atopar unha solución ós problemas dos necesitados, e cooperar, na medida en que sexa posible e axeitado, cos organismos provinciais, autonómicos, nacionais e internacionais de asistencia e acción social, así como coas entidades de acción caritativa doutras confesións relixiosas.
- Cáritas Diocesana de Lugo, como verás ó longo desta memoria, ten unha serie de programas de intervención social que buscan a promoción, integración e inclusión das persoas e grupos en situación de exclusión social. Persoas inmigrantes, nenos, mozos, mulleres, familias, maiores, persoas con discapacidade, parados, son os grupos de persoas ós que Cáritas dirixe a súa acción. Todo isto grazas á colaboración de moitas persoas doantes, voluntarios, traballadores, que co seu esforzo e xenerosidade dan vida ás palabras:

Tiven fame e déchesme de comer, tiven sede e déchesme de beber: Eu era un forasteiro recollíchesme, estiven espido e vestíchesme, enfermo e no cárcere e viñéchesme a ver (Mt. 25, 35-36)



Acollida e Asistencia a Marxinados e Excluídos

Persoas con Discapacidade

Emprego

Familias en Desvantaxe

Infancia e Xuventude

Inmigrantes e Emigrantes retornados

Maiores “ Vivir na Casa”

Muller

Voluntariado

Acollida e Asistencia a Marxinados e Excluídos

A experiencia cotiá de Cáritas Diocesana de Lugo confirma que son cada vez máis as persoas pobres, marxinados e finalmente excluídos por diversas razóns (económicas con trazos de permanencia, situacións persoais de deterioro psicosomático, situacións persoais ou familiares conxunturais de necesidade, paro... , e as súas consecuencias: rupturas familiares ou matrimoniais, alcoholismo, drogadicción, etc).

Tendo claro que non podemos quedarnos á marxe das solucións que demandan actualmente as persoas que sofren destas deficiencias, imos traballar de maneira integral, abordando diferentes áreas: a organización económica do fogar, educación, vivenda, saúde, traballo, xurídica-legal, relacións familiares , relacións sociais e de lecer e tempo libre.

A nosa tarefa de acompañamento con cada persoa significa dar prioridade á vixilancia, saber estar preto da persoa, concederlle o dereito para cambiar de ritmo e non substituílo do seu camiño. O que importa son as súas ideas, as súas eleccións e as súas decisións. Unha das cousas que temos claro no equipo é que non hai que centrarse tanto nos problemas, nas necesidades como carencias, senón como potencialidades para a transformación.



Caritas parroquial de San Froilán

ACTIVIDADES

Actividades nas Parroquias	Lugar no que se desenvolven
Entrevistas semanais coas persoas.	Cáritas Parroquiais e Interparroquiais.
Visitas a domicilio .	Cáritas Parroquiais e Interparroquiais.
Axudas directas a necesidades básicas	Cáritas Parroquiais e Interparroquiais.
Apoio educativo.	C.I de Sarria, C. I Monforte, C:I Navia-Cervantes C.P. Milagrosa, C. P A Nova.
Reunións de análise de cada situación.	Cáritas Parroquiais e Interparroquiais.
Horto Solidario.	Cáritas Parroquial de San Antonio de Padua.
Roupeiros Interparroquiais.	C.I.Sarria, C.I. Monforte.
Talleres de cociña, español, manualidades	CI Sarria.
Talleres de música, baile para mozos.	C. Parroquial da Milagrosa.
Taller de formación de mulleres para acceder os certificados de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio.	C. I. Navia-Cervantes.
Rastros e merendas solidarias.	C.Parroquial de A Nova, C. P San Antonio, C.P Albeiros, C. P Milagrosa, C. P Melide, C.I Sarria e C.I Silleda



Cáritas Interparroquial de Silleda



Cáritas Parroquial de Melide

Actividades en Servizos Xerais

Entrevistas semanais coas persoas.	Servizos Xerais da C/ Cruz
Análise de cada situación.	Servizos Xerais da C/ Cruz
Información, orientación e acompañamento.	Servizos Xerais da C/ Cruz
Asesoramento Xurídico.	Servizos Xerais da C/ Cruz
Roupeiro Diocesano de Lugo: as persoas veñen derivadas dos diferentes Programas de Cáritas, das diferentes Cáritas Parroquiais da diocese, dos Servizos Sociais do Concello de Lugo e dos diferentes concellos da diocese, Programa sen teito da Cruz Vermella, dos Centros Penitenciarios de Bonxe e Monterroso, do Antisida e da Fundación Meniños.	Centro de Servizos da Avda das Américas
Procura e organización de Bibliografía.	Servizos Xerais da C/ Cruz
Conexión cos distintos estamentos públicos e privados para o coñecemento dos servizos que prestan.	Servizos Xerais da C/ Cruz

Lugar no que se desenvolven

PERSOAS ATENDIDAS

Servizos Xerais: 186 persoas

Roupeiros	Familias	Persoas
Diocesano de Lugo	691	1929
C.I. Monforte	70	139
C.I. Sarria	136	395

Cáritas Parroquiais e Interparroquiais:

Caritas Parroquial e Interparroquial	Familias Atendidas	Persoas
I. Sarria	149	420
P. Sagrado Corazón	43	151
P. San Antonio	171	371
P. Melide	45	131
P. San Froilán	69	113
P. San Francisco Javier	64	131
P. Buen Pastor	6	20
P. Nova	60	184
P. San Pedro	17	25
P. Gándaras	17	72
P. Rábade	31	83
P. Albeiros	63	193
P. Milagrosa	148	321
P. Puente	15	66
P. Meira	13	69
I. Monforte	323	773
P. Antas de Ulla	7	15
P. Silleda	18	66
I. Navia Cervantes	15	23
TOTAL	1274	3227

EQUIPO QUE ANIMA E REALIZA ESTE SERVIZO

3 traballadores sociais, 5 educadores sociais, 2 peóns de almacén e un auxiliar administrativo, un coordinador do grupo de voluntarios que realizan a acollida na diocese 177 voluntarios.de voluntarios que realizan a acollida na diocese e 177 voluntarios.

Persoas con Discapacidade



“O respecto da dignidade intrínseca, a autonomía individual, incluíndo a liberdade de tomar as propias decisións, e a independencia das persoas”. **Principios Xerais (artigo 3) -Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.**
Os obstáculos enfrontados polas persoas con discapacidade para desenvolver unha vida persoal autónoma seguen a ser grandes. Tendo en conta que estas persoas amosan un nivel de escolarización e ingresos menor que a media da poboación, polo que podemos falar de vinculación entre discapacidade e pobreza.

Con este proxecto preténdese, na medida das nosas posibilidades, apoiar a autonomía e independencia das persoas como valor configurador dunha vida humana digna, onde as persoas non sexan discriminadas pola súa diferenza e onde todos sexamos ben valorados e recibidos coma seres humanos.

Actividades

- Acollida e escoita.
- Axuda económica para a cobertura de necesidades básicas.
- Visitas a domicilio.
- Apoiar e acompañar, en situacións de soidade , xestións persoais e de saúde.
- Informar e orientar dos servizos e recursos sociais dispoñibles, dos que poidan beneficiarse.
- Realización de actividades de lecer e tempo libre (excursións, actividades culturais, participación en festas locais).
- Realización de talleres (xestión económica no fogar, cociña, costura).
- Derivación e colaboración con outros profesionais e servizos. Procura de recursos tanto públicos como privados para poder levar a cabo este programa .

Obxectivos

- Tentar conseguir un pleno desenvolvemento persoal e social para as persoas con discapacidade que se atopen en situación de pobreza ou vulnerabilidade social.
- Achegar os recursos humanos e materiais necesarios, para manter a súa autonomía persoal e a súa participación na comunidade.
- Ofrecer un espazo de acollida e tratar de buscar conxuntamente, os medios para dar respostas ás necesidades expostas.
- Realizar esta acción preferentemente con persoas ás que non chegan outros servizos de atención, ou os apoios que destes reciben son insuficientes.

PERSOAS ATENDIDAS

Durante o ano 2016 chegamos a 40 persoas

EQUIPO QUE ANIMA E REALIZA ESTE SERVIZO

1 Traballador social e 1 educador social
2 Voluntarios

Emprego

Cáritas entende o emprego como o medio máis oportuno e efectivo de loita contra a pobreza, non só porque permite ingresos económicos senón porque favorece a participación social e o desenvolvemento persoal. **Consideramos o emprego como o mellor axente de integración social.**

“Os pobres son en moitos casos o resultado da violación da dignidade do traballo humano, ben porque se limitan as súas posibilidades (desocupación, subocupación), ben porque se devalúan os dereitos que flúen do mesmo, especialmente o dereito ao xusto salario, á seguridade da persoa do traballador e da súa familia” (Cáritas in veritate, n 63)

Neste ano o Programa de Emprego de Cáritas Diocesana de Lugo levou a cabo os seguintes dous proxectos:

- . “Emprego Cáritas Diocesana de Lugo” no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social - POISE coa cofinanciación do Fondo Social Europeo e o Ministerio de Sanidade, servizos sociais e igualdade.
- . “Emprégate II”.

Todas as accións desenvolvidas nos devanditos proxectos estiveron encamiñadas a facilitar ás persoas o acceso ao mercado de traballo normalizado, a situalas en igualdade de condicións con outras persoas candidatas e ao mantemento do emprego.



Actividades

Información laboral

P.I.L (Punto de Información Laboral).

Acollida e Orientación laboral

Acollida, acompañamento e seguimento.

Formación

Operarios de Limpeza-Sarria.

Operarios de Limpeza-Lugo.

Operacións básicas de restaurante e bar.

Atención ás familias no fogar.

Operacións básicas de cociña.

Operarios de carretilla.

Operarios de Limpeza-Monforte.

Mediación

“Bolsa de emprego”

Autoemprego

Información, orientación e asesoramento.

Xornada de autoemprego: ¿Por que non?

Formación específica para a creación empresarial (Maduración da idea, Iniciando unha aventura empresarial, Plan financeiro, Metodoloxías áxiles, A importancia da comunicación...)

Tutorización individualizada.

Outras acciones

Taller. “Uso responsable das redes sociais” I.

Taller. “Uso responsable das redes sociais” II.

Accións de sensibilización (Xornada Mundial polo Traballo Decente).

Mantemento da “REDE TIL” (Rede de Técnicos de Inserción Laboral de Lugo)



Obxectivos

- Mellorar a empregabilidade dos participantes, aumentando substancialmente as posibilidades de atopar e manter un emprego.
- Asegurar unha primeira acollida das persoas en situación ou risco de exclusión, valorando e apoiando o seu proceso de inserción.
- Acompañar ás persoas no seu itinerario de inserción sociolaboral.
- Optimizar a empregabilidade das persoas mediante a formación laboral.
- Favorecer a inserción sociolaboral a través de espazos de encontro con empregadores.
- Promover e apoiar proxectos de autoemprego.
- Implicar a outros actores sociais nos obxectivos do programa a través de accións de participación en redes, coordinación con recursos públicos e privados e difusión das actividades.



PERSOAS ATENDIDAS.
Total: 305 persoas

Información: 305 persoas.
Orientación: 109 persoas (Itinerarios personalizados de inserción).
Formación: 107 persoas.
Insercións: 40 persoas.

EQUIPO QUE ANIMA E
REALIZA ESTE SERVIZO

Voluntarios: 6 persoas.
Persoal: 3 Técnicos (un a xornada completa e dous a media xornada).
Persoal de Administración:
1 Técnico (menos de un cuarto de xornada).
Persoal Externo:
Docentes cursos de formación.
Colaboracións Externas:
Expertos en emprendemento. (Asociacións empresariais, administracións públicas, fundacións, empresas...)

Familias en Desvantaxe

O Programa de Familias nace no ano 94, resultado da constatación de que as respostas puntuais creaban dependencia e cronificaban as situacións de deterioro, carencia e marxinación que padecían as familias.

Esta acción vai dirixida a grupos familiares fortemente marxinados e excluídos co obxectivo de mellorar o funcionamento persoal, familiar e social, establecendo estratexias que favorezan a rehabilitación e inserción.

Mediante entrevistas personalizadas periódicas e visitas a domicilio establécese con cada familia un plan de traballo, o cal se vai facendo operativo co acompañamento, seguimento e avaliación que executa o equipo formado polo persoal contratado e os voluntarios. As familias destinatarias desta acción son, na súa maioría, familias monoparentais con fillos menores con graves carencias económicas, con graves problemas de enfermidade (alcohol, drogas, etc...) carentes de emprego estable, que non están recibindo o mesmo tipo de atención por parte doutras institucións.



PERSOAS ATENDIDAS

En total o número de familias atendidas ascendeu a 55 as cales fan un total de 145 persoas en Lugo e Monforte.

EQUIPO QUE ANIMA E REALIZA ESTE SERVIZO

4 técnicos medios a media xornada e 16 voluntarios.

Actividades

Entrevistas semanais coas familias.

Visitas a domicilio semanais.

Elaboración, seguimento e acompañamento do Itinerario personalizado de inserción con cada familia.

Reunións semanais do equipo para diagnóstico, avaliación e planificación do traballo.

Actividades de Formación cara ás Familias

Orientación para a intervención dos pais no proceso educativo dos seus fillos.

Apoio escolar incentivando a pais e facilitando medios materiais e persoais.

Alfabetización de adultos.

Actividades de Formación cara ó equipo

Cofecer e profundar no deber ser de Cáritas.

Actividades con respecto ás Relacións Exteriores e Xestión de Recursos

Conexión coas Institucións públicas ou privadas que estean traballando a nivel de pensamento ou actuación con familias.

Colaborar co equipo de Emprego de Cáritas Diocesana de Lugo.

Manter e consolidar as fontes de financiamento e ver a posibilidade de presentar o programa a outras entidades ou persoas.

Actividades con respecto da Implicación da Comunidade

Envío ás Cáritas Parroquiais toda a información que pareza útil para o seu traballo coas familias.

Pedir toda a información que eles teñan sobre Familia.

Actividades sobre o desenvolvemento do Programa na diocese

Traballo coas 11 parroquias da cidade, e a Interparroquial de Monforte.

Infancia e Xuventude

A través da organización das actividades de educación no tempo libre conseguimos coñecer a realidade, a problemática dos nenos e mozos nas localidades que traballamos, e así poder dar unha resposta eficaz en mediación, resolución de conflitos e integración.



OBXECTIVOS

- Optimizar os recursos humanos da Diocese no seu traballo con nenos e adolescentes.
- Animar á dinamización do barrio dende a participación dos nenos en actividades de educación non formal que impliquen aos adultos.
- Favorecer o crecemento persoal e social de nenos e adolescentes da Diocese de Lugo, mediante actividades que faciliten o desenvolvemento de hábitos, actitudes e destrezas favorecedoras do desenvolvemento integral da persoa, implicando e animando a participación e colaboración entre educadores.

EQUIPO QUE ANIMA E REALIZA ESTE SERVIZO	PERSOAS ATENDIDAS
1 traballadora 45 persoas voluntarias	561 persoas

Actividades

- Recollida e difusión de información xuvenil.
- Participación en Campañas e Xornadas de sensibilización:**
 - Participación na organización de actos do Día Internacional de Erradicación da Pobreza
 - Campaña educativa do día de Caridade
 - Colaboración na realización de actividades da Rede Lucense de Voluntariado
 - Actividades de colaboración con colexios
- Reunións periódicas e xornadas do equipo de voluntarios para formación, programación e execución das actividades con nenos e adolescentes.
- Dirección de prácticas de Curso de Monitores e Director de actividades educativas na natureza.
- Realización de actividades para nenos: Actividades Entroido, actividades do Día de Caridade, Campamento Urbano XXII, Actividades Nadal.
- Realización de actividades para adolescentes: Acampada Adolescentes, Xornada informativa, Actividades Nadal.
- Organización de xuntanzas informativas cos pais ou titores.

Inmigrantes e Emigrantes retornados

Dende fai máis de dúas décadas Cáritas a través do Programa “Inmigrantes contade con Nos” ofrece un servizo de acollida as persoas inmigrantes e emigrantes retornados que chegan a nosa diocese dende distintos países. Cáritas dentro do seu traballo pola promoción e desenvolvemento integral das persoas reivindica a migración como o exercicio dun dereito inherente a todo ser humano na busca de mellores condicións de vida. Para Cáritas as persoas emigrantes teñen as mesmas necesidades e sonos que calquera outra, encontrándose con numerosas dificultades e trabas froito do traslado a un terra estraña.

Actividades

Cáritas ofrece un espazo de acollida á poboación inmigrante, así como aos emigrantes retornados, ofrecendo un servizo de información e orientación social e cívica básica para o seu establecemento, co apoio na cobertura das necesidades básicas que non son cubertas por outros servizos coa inmediatez que é necesario para previr graves situacións de deterioración e exclusión (alimentación, vivenda, subministracións, saúde, apoio escolar, documentación, etc). Este servizo acompáñase da realización de itinerarios personalizados de inserción sociolaboral, que se executan en coordinación con outros programas da entidade e os recursos sociais comunitarios. O programa ofrece así mesmo un servizo especializado de asesoría xurídica no ámbito do dereito de estranxeiría, dende o que se facilita a orientación, asesoramento xurídico ás persoas inmigrantes, necesario e imprescindible para a súa residencia e traballo legal en España, o reagrupamento de familiares, obtención de nacionalidade, ou no seu caso o retorno voluntario etc, dende este preténdese así mesmo facilitar a información e coñecemento das normas básicas de convivencia, dos dereitos e deberes derivados da súa permanencia, fundamental para garantir o acceso aos servizos existentes así como para evitar situacións de exclusión, e lograr a igualdade de trato e normal convivencia cidadá. O proxecto foise mellorando e ampliando cos anos, e actualmente trabállanse tamén accións específicas encamiñadas por un lado ao achegamento das persoas inmigrantes á sociedade de acollida (coñecemento dos seus costumes e valores, normas de convivencia) así como na mellora de actitudes, habilidades persoais, e sociais básicas para o desenvolvemento e autonomía persoal desta poboación.

PERSOAS ATENDIDAS

211 persoas atendidas

EQUIPO QUE ANIMA E REALIZA ESTE SERVIZO

1 Traballadora Social
1 Avogada
2 voluntarias



OBXECTIVOS

Ofrecer unha primeira acollida, información e orientación cívico social a toda persoa inmigrante ou emigrante que chegue aos nosos servizos e que se encontre nunha situación de vulnerabilidade ou exclusión social favorecendo o acceso aos servizos xerais en condicións de igualdade.

Apoiar dun xeito integral a persoas inmigrantes e emigrantes retornados (mulleres, menores e familias) na cobertura das súas necesidades básicas (alimentación, vivenda, suministros, hixiene, saúde, e gastos escolares).

Proporcionar a asesoría xurídica en dereito de estranxeiría apoiando xurídica e economicamente na xestión de documentación para a regularización da situación administrativa en España e a tutela xurídica dos dereitos dos participantes, apoiando a plena integración en igualdade de dereitos.

Apoiar a integración laboral xestionando a participación dos usuarios en accións formativas encamiñados á adquisición de habilidades sociais básicas e así acceso ao mercado laboral (acompañamento e seguimento).

Apoiar os procesos de retorno voluntario, priorizando os casos de especial vulnerabilidade e vítimas de violencia de xénero en calquera das súas manifestacións.

Favorecer a integración social apoiando a presenza e participación social dos participantes na sociedade de acollida, e favorecendo o coñecemento dos seus valores e costumes, así como a adquisición de habilidades culturais e sociais.

Fomentar o traballo coordinado nas intervencións dentro do equipo así como con outros programas, servizos e institucións de cara a potenciar unha actuación integral e en rede.

Maiores “Vivir na Casa”

Vivir na casa é un programa de acompañamento aos vellos, que promove e ten como fins:

- Que as persoas maiores vivan na súa casa ata que elas decidan.
- Mellorar a calidade de vida garantindo condicións de vida máis humanas.
- Manter e fomentar a autonomía persoal
- Combater a soidade e o illamento que moitos padecen
- Contribuír a corrixir a representación negativa e estereotipada da vellez.

O modelo que temos para camiñar cara estes fins opta polo acompañamento, pola permanencia da persoa maior na súa casa, no seu entorno, o máximo posible, centrándonos no respecto á dignidade, integridade, e dereitos da persoa maior.



EQUIPO QUE ANIMA E REALIZA ESTE SERVIZO	Cáritas Diocesana. 1 persoa a xornada completa no Servizo Xeral de Cáritas Diocesana e acompañamento na zona de Monforte de Lemos. 1 persoa ao 70% de xornada no Servizo Xeral de Cáritas Diocesana e acompañamento na zona de Monforte de Lemos.
En primeiro lugar as persoas voluntarias e os sacerdotes, que, por toda a diocese, e dende a acollida parroquial, fan este servizo a os vellos de xeito silencioso e con gran tenrura. Equipo animador: 1 persoa a xornada completa traballando na zona de Cervantes. 1 persoa a xornada completa no Servizo Xeral de	PERSOAS ATENDIDAS Total: 98 persoas

Actividades

- Acollida e escoita.
- Acompañar: “estar” máis que “facer”, seguindo o fío da vida.
- Axuda económica para cobertura de necesidades básicas que non poidan satisfacer por si mesmos.
- Informar e orientar para acceso a recursos e a dereitos recoñecidos.
- Acompañar ao médico, xestións, etc., aos que están solos e illados.

Realización de tres talleres de periodicidade semanal:

- Taller de Cociña
- Taller de Psicoloxía.
- Taller de Ximnasia.

- Colaboración e coordinación cos Servizos Sociais para responder mellor ás necesidades.
- Procura de recursos para poder levar a cabo todas as accións.

Obxectivos

- Facilitar a permanencia da persoa maior na súa casa poñendo ao seu dispor os medios humanos e materias para iso.
- Apoiar e dar soporte aos máis vulnerables.
- Contribuír a que se sintan menos solos e esquecidos.
- Escoitalos e contar con eles para organizar os servizos e respostas ás súas necesidades.

Muller

Cáritas Diocesana de Lugo, dende hai máis de 15 anos ven realizando distintos proxectos en favor da muller no noso territorio, centrando a súa atención en mulleres que se encontran en situación de especial vulnerabilidade, pobreza ou exclusión.

Sen dúbida son moitos os avances nos últimos anos que contribuíron a unha maior participación da muller nos distintos ámbitos da sociedade, se ben as mulleres seguen sendo o rostro máis visible das situacións de pobreza e exclusión, froito dun modelo de participación social e laboral que perpetúa a súa falta de independencia económica e o menor acceso aos servizos comunitarios.

O noso traballo diario segue demostrándonos que moitas mulleres se encontran aínda apartadas do espazo público, recluídas ao espazo doméstico con dificultades de acceso a unha vida digna, factores como a pertenza a minorías étnicas, o padecemento dunha minusvalía, responsabilidades familiares non compartidas, sufrir violencia doméstica, o exercicio da prostitución marxinal, ser vítimas de trata ou explotación sexual, supoñen distintos graos e formas de exclusión social, que impiden o exercicio dos seus dereitos básicos. Ante esta situación dende a área de muller trabállase por ofrecer un espazo de acollida, centrándonos en crear un clima de confianza dende o que se lles brinda acompañamento e apoio a distintos niveis segundo as súas circunstancias e necesidades (económico, xurídico, psicolóxico, emocional, etc) creando un espazo de acompañamento encamiñado a súa recuperación, autonomía e desenvolvemento social e laboral.

EQUIPO QUE ANIMA E REALIZA ESTE SERVIZO

2 Traballadoras Sociais
1 Avogada
1 Psicóloga
5 voluntarios

PERSOAS ATENDIDAS

Nº Mulleres Beneficiarias : 184



OBXECTIVOS

- Acoller, orientar, informar e asesorar as mulleres dos servizos e recursos sociais á súa disposición.
- Proporcionar os recursos económicos e materiais necesarios para cubrir as necesidades básicas das mulleres e as súas familias (alimentación, vivenda, suministros, sanidade, documentación, hixiene, etc) en casos de especial vulnerabilidade e exclusión.
- Apoiar e acompañar as mulleres vítimas de violencia, trata, ou explotación en situación de vulnerabilidade ou exclusión.
- Promover e acompañar o desenvolvemento e coidado persoal das mulleres de cara a súa plena integración social e laboral a través de distintas actividades e obradoiros.
- Facilitar asesoramento especializado no ámbito xurídico e psicolóxico.
- Fomentar a coordinación noutros servizos e institucións de forma que as mulleres reciban unha atención integral.
- Sensibilizar a comunidade da problemática das mulleres.

Voluntariado

O proxecto de formación de Voluntariado preséntase por primeira vez en 1998, “Formación de conciencia e Desenvolvemento institucional. Formación de Voluntariado”.

Pero na realidade, na nosa Cáritas isto viña facendo desde case os inicios, onde a estrutura máis ben pequena requiría da axuda , gran axuda dos voluntarios que estaban nas parroquias.

Son numerosas as parroquias que están a realizar accións (sobre todo de atención primaria), de axuda aos necesitados. Supón isto unha realidade e unha potencialidade de voluntariado dificilmente comparable co de ningunha outra asociación.

Os principais problemas que atopamos:

- 1.- A intervención da administración, como xa é sabido, non pode abarcalo todo e na nosa realidade menos, debido á diseminación, carencia de infraestruturas e ruralidade.
- A actuación de persoas voluntarias é un punto de partida insubstituíble para despregar unha acción social.
- 2.- Gran soidade e illamento de cada un dos axentes voluntarios.
- 3.- Falta de formación nos novos parámetros do traballo social.

A dispersión das parroquias na Diocese de Lugo dificulta a tarefa de formación, animación e coordinación das persoas e grupos que están a levar a cabo accións cos colectivos máis desfavorecidos.

O noso proxecto tenta fortalecer as redes de voluntariado social tomando como eixos de traballo o territorio (eminentemente rural), a formación e o acompañamento na acción.

Propoñémonos consolidar dous momentos fundamentais de formación: a formación básica, onde o voluntario descobre a súa propia identidade, a metodoloxía na intervención social. E a formación específica (principalmente na infancia e mocidade, muller, familia, inmigrantes, maiores, minusválidos), capacitará adecuadamente para realizar en equipo a planificación, execución e avaliación da acción social concreta na que estea implicado.

Xunto á formación máis académica entendemos que é básica o labor de acompañamento aos voluntarios desde a mesma acción que eles realizan. Este acompañamento require por parte do equipo responsable de levar adiante o proxecto o coñecemento e asesoramento tanto persoal como grupal de cada unha das accións en que devanditos voluntarios están a colaborar.

Este proceso permanente de formación desde a acción constitúe o eixo principal deste programa para partir do cal se van deseñando accións formativas concretas.

PERSOAS ATENDIDAS

O número de usuarios é sempre aproximado debido á flutuación de altas e baixas, na nosa Cáritas hai 498 voluntarios en situación de alta. Dos que 210, están vinculados ás estruturas das Cáritas parroquiais e interparroquiais , 186 vinculados directamente aos programas executados desde o servizo xeral de Cáritas diocesana e 102 que colaboran en campañas

específicas de sensibilización.

EQUIPO QUE ANIMA E REALIZA ESTE SERVIZO

Dous técnicos a media xornada en Lugo e un equipo de 4 voluntarios.

OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL

Optimización do gran recurso humano que está a traballar en contra da pobreza desde Cáritas Diocesana de Lugo.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

Obter unha visión o máis ampla posible do traballo diocesano en diálogo cos distintos grupos parroquiais e equipos de proxectos específicos no que se aborden os éxitos do traballo realizado así como as carencias e problemas.(Ao redor de actividades, formación, organización, coordinación, financiamento...).

Continuar formando en contidos básicos e específicos.

Consolidar as canles institucionais de formación permanente dos voluntarios e os equipos.

Realización de campañas específicas de sensibilización.

Converter a acción en elemento esencial de formación mediante a súa comunicación, revisión e coordinación con outros grupos diocesanos.





Servizos

Empresas con Corazón

E un servizo de **Cáritas Diocesana de Lugo**, que busca a colaboración de Empresas e Autónomos coa fin de axudar ás persoas que máis o necesitan. Trátase de implicar aos axentes económicos na axuda ós máis desfavorecidos, sempre tendo como marco de referencia os valores que Cáritas promove: a solidariedade, a xustiza, o respecto e a igualdade.

Actividades

Contacto por escrito ou telefónico con empresas da Diocese de Lugo, para solicitar a súa colaboración.
Realización de visitas previamente concertadas ás empresas anteriores, dándolles a coñecer o proxecto e entregándolles documentación explicativa do mesmo.
Labores de seguimento das empresas colaboradoras.
Tarefas administrativas e informáticas.
Reunións quincenais dos integrantes do equipo.

EQUIPO QUE ANIMA E REALIZA ESTE SERVICIO

2 técnicos dos servizos xerais e 7 voluntarios

Empresas colaboradoras: ¿Qué vantaxes ten ser unha empresa colaboradora?


Presentación ante a sociedade como unha empresa Responsable e Socialmente comprometida
Difusión da súa colaboración en medios de comunicación.
Mención nas publicacións de Cáritas, e na súa páxina web.
Obtención de beneficios fiscais.

Número de empresas visitadas

Ano 2016: 21 empresas

Empresas que colaboran en relación coas empresas visitadas

Ano 2016: 17 empresas
Cociente de colaboración



Tipos de colaboración



Os nosos recursos

As persoas

A actuación de **Cáritas Diocesana de Lugo** non sería posible sen o compromiso de moitos homes e mulleres que se empeñan en mellorar as condicións das persoas que peor o están pasando na nosa contorna, e desde aí comprometerse na construción dunha sociedade máis xusta, digna e igualitaria para todos.

Son os nosos voluntarios e traballadores, os nosos socios e doantes, quen día a día, desde a súa xenerosidade, compromiso e traballo, fixeron posible toda a realidade de traballo que aparece nesta memoria.

A todos eles GRAZAS

Os recursos económicos

Xunto coas persoas, para realizar as actividades, contamos con recursos económicos que podemos clasificar segundo a súa procedencia económica en:

Fondos propios: 41,00%

Corresponden ás achegas que proceden das colectas das parroquias, das cotas dos socios, dos donativos de persoas particulares e das empresas e institucións.

Fondos públicos: 59,00%

Aquí incluimos os ingresos por subvencións: Das administracións local, autonómica, central e da Unión Europea.


Seguimos necesitando o teu compromiso e colaboración para continuar a tarefa que estamos desenvolvendo.



Os nosos recursos

Quen somos

Equipo humano: 522 persoas total




Procedencia dos nosos recursos

¿De onde veñen os recursos?
Total: 1.518.329,28€




Persoas vulnerables

Axudas entregadas: 601.088,44€



Gastos totais por programas

TOTAL RECURSOS INVERTIDOS:
1.518.329,28 €




Mantemento, campañas, sensibilización



índice

Saludo del Director	42
Qué es Cáritas Diocesana de Lugo	44
Programas Diocesanos	46
Acogida y Asistencia a Marginados y Excluidos	48
Personas con discapacidad	52
Empleo	54
Familias en Desventaja	58
Infancia y Juventud	60
Inmigrantes y Emigrantes retornados	62
Mayores “ Vivir na Casa”	64
Mujer	66
Voluntariado	68
Servicios	70
Nuestros recursos	76

Saludo del Director



Ante sus ojos tiene la memoria de **Cáritas Diocesana de Lugo**.

Como la palabra lo dice, la memoria es el recuerdo, y nuestro afán es compartir con ustedes el resultado del trabajo que realizamos al largo del año 2016; nuestros proyectos, trabajos y esfuerzos siempre realizados con el deseo de servir a nuestros semejantes que se encuentran en situación de desigualdad.

En la realización del servicio caritativo con nuestros hermanos, siempre tuvimos en mente y corazón un profundo sentimiento de gratitud a todas las personas y entidades que, de alguna manera o de otra, aportan su contribución para que nosotros llevemos a cabo nuestra labor, a todo lo largo y ancho de la Diócesis de Lugo. Expresamos a todos ellos nuestra inmensa gratitud.

Nuestro deseo en esta hermosa tarea, reflejo de nuestro ser y de nuestro comportamiento como cristianos, es y será siempre seguir contando con todos ustedes, socios, donantes, voluntarios, empresas y entidades; conscientes de que todo lo realizamos en nombre de todos ustedes y lo hacemos con amor, entrega y gratitud.

Detrás de cada acción caritativa siempre hay personas, una familia y una historia: una vida, en resume, montón de situaciones injustas y de carencias.

Quienes tenemos el privilegio de trabajar en **Cáritas**, nos sentimos obligados a poner todas nuestras capacidades al servicio de nuestros semejantes más vulnerables; siempre con el espíritu Cristiano y con afán supremo de servir y ayudar.

A todos, con agradecimiento y afecto, en nombre de la entidad, los saluda.

Ginés Y. Plaza

Fernández Director de Cáritas Diocesana de Lugo





Qué es Caritas Diocesana de Lugo

Cáritas Diocesana de Lugo es la presencia institucional de nuestra Iglesia Diocesana que quiere comprometerse con las realidades de pobreza y exclusión social de Lugo.

El servicio a nuestros hermanos necesitados se centra en la acogida, en un acompañamiento personal desde la situación de cada uno y en el esfuerzo por su integración social. Pero más allá de este trabajo también se desarrollan otras funciones propias de nuestra identidad:

- Difundir el espíritu de caridad evangélica y justicia social, procurando formar la conciencia de los cristianos de manera individual y comunitaria, conforme a las orientaciones de la doctrina social de la Iglesia.
- Estudiar los problemas que provoca la pobreza en la Diócesis, investigar sus causas y promover, animar y urgir soluciones conformes a la dignidad de la persona humana y a las exigencias de la justicia social.
